

*I Ciclo*  
*Conciertos de Primavera*



Circo de Artesáns  
Sección de Música e Canto



AULA CÁMARA

*Dúo*

*Ana Herráiz Alijas*  
*clarinete*  
*Carmen Ruíz Gámez*  
*piano*

*Circo de Artesanos de A Coruña*  
*Salón de Actos*

## Domíngo, día 13 de abril de 2008

12.30 horas

A Reunión Recreativa e Instructiva de Artesáns - Circo de Artesáns de A Coruña ven, dende a súa fundación, no ano 1847, adicándose á promoción da cultura en xeral e, da música, en particular.

O presente Concerto, a cargo do Dúo Vibrer, cò que a Sociedade comeza o seu I Ciclo de Concertos de Primavera, xunto cò resto de concertos programados para a presente tempada, é o froito da colaboura entre a Sección de Música e Canto do Circo de Artesáns e maíla Aula de Música de Cámara do Conservatorio Superior de Música de A Coruña.

Esperamos que o presente Ciclo de concertos de Primavera sexan do agrado do público coruñés, e permitan a promoción artística dos xóvenes músicos donoso contorno.

Sexan benvidos a esta experiencia artística. Carpe diem.

**D. Jesús Coello - Conservatorio Superior de Música da Coruña.**

**D. Luís F. R. Vázquez. Presidente da Sección de Música e Canto do Circo de Artesáns da Coruña**

**M<sup>a</sup> DEL CARMEN RUIZ GÁMEZ, piano.** Finalizou o grao superior nas especialidades de piano e solfexo, teoría da música, transposición e acompañamento no Conservatorio Superior Victoria Eugenia de Granada, nos anos 2003 e 2001 respectivamente.

Foi gañadora do primeiro premio compartido no Concurso Intercentros 98 do I.E.S. Sta. M<sup>a</sup> da Cabeza (Andújar, Xaén). Ha participado en recitais celebrados na Grand Salle do Conservatorio Francés de Bruxelas, Auditorio Manuel de Falla de Granada e diversos lugares de Galicia, como os auditorios da USC e o da UDC, como solísta, con grupos de música de cámara e integrante de orquestra e banda.

Ha participado en xornadas, cursos, clases maxistras e ciclos de perfeccionamento nacionais e internacionais nas materias de piano, anatomía e neurofisioloxía funcional do pianista, estética e apreciación da música contemporánea, análise, harmonía, historia da música e das formas musicais, creación vocal en grupo, canto gregoriano, improvisación, acústica, psicoloxía para o profesorado de música e deseño de programacións didácticas, etc., impartidos por Juan José Pérez Torrecillas, Patricia Montero, Bernard Defèche, Sergei Yerokhin, Mitsura Sakumoto, Pilar Bayona, Antonio Sánchez, P. Vallejo, etc.

Pedagoxicamente, ha intervido como co-ponente sobre historia da música, ha participado na documentación e exposición dun concerto monográfico sobre J.S. Bach, ha coordinado un grupo de traballo que elaborou un libro de materiais didácticos de piano. Actualmente continúa súa formación pianística cò seu mestre J.J. Pérez Torrecillas e interpreta dentro de diversos grupos de música de cámara, o que compaxina cò seu labor docente, como pianista acompañante e xefa do departamento de música de cámara no Conservatorio Profesional da Coruña.

**ANA HERRÁIZ ALIJAS, clarinete.** Nace en Madrid en 1981. Inicia os seus estudos musicais no conservatorio da cidade de Astorga, obtendo excelentes cualificacións. Forma parte da Orquestra de Jóvenes do devandito conservatorio, coa que ofrece concertos en diversas localidades. Por este tempo forma parte así mesmo do Cuarteto "Cíclós".

En 1998 obtén o título de Profesora de clarinete e comeza estudos superiores no Conservatorio Superior de Música "Eduardo Martínez Torner", en Oviedo, baixo a tutela de D. Alberto Veintimilla Bonet.

Tras obter Matrícula de Honra en Bacharelato, comeza Filosofía na Universidade de Valladolid á vez que imparte clases na Escola Municipal de Música "Antonio Baciero", en Aranda de Duero, Burgos.

Finaliza o Grao Superior de Música no ano 2002 e desde entón ha ampliando a súa formación no campo da Interpretación Histórica con Eric Hoeprich, e de técnica e interpretación con profesores da talla de Sylvie Hue, José Luís Estellés, Justo Sanz, Yehudá Gilad, Radovan Cavallin, Hedwig Swimberghe ou Florian Popa, entre outros.

Entre a súa formación pedagóxica destaca a realización de cursos con profesores formados na Academia Liszt de Budapest e o Instituto Orff (Austria) en metodoloxía Kodály e Orff-Schulwerk respectivamente.

Colaborou coa Joven Orquestra e Coro "Cidade de Valladolid" e obtido o "Attestato di Merito" no Torneo Internazionale di Musica. Tamén participou como concertista no "IX Ciclo de Novos Intérpretes" organizado pola asociación "Teresa Berganza".

Foi profesora no Conservatorio Profesional de Música da Coruña e actualmente imparte as materias de Clarinete, Repertorio Orquestral, Música de Cámara, Historia das diferentes Escolas e Evolución do estilo no repertorio clarinetístico no Conservatorio Superior de Música da Coruña; así mesmo, é colaboradora co clarinete baixo da Orquestra de Fautas de Galicia.

### PROGRAMA

#### **J BRAHMS (1833-1897) Sonata op. 120, No. 1 en fa menor**

- I. Allegro appassionato
- II. Andante un poco adagio
- III. Allegretto grazioso
- IV. Vivace

#### **W. LUTOSLAWSKI (1913-1994) Dance Preludes**

- I. Allegro molto
- II. Andantino
- III. Allegro giocoso
- IV. Andante
- V. Allegro molto

#### **R. SCHUMANN (1810-1856) Phantasiestücke, op. 73**

- I. Zart und mit Ausdruck
- II. Lebhaft, Leicht
- III. Rasch und mit Feuer

*Ana Herráiz Alijas, clarinete*

*Carmen Ruíz Gámez, piano*